

PROGRAMA CONECTAPEME

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) acaba de publicar a convocatoria de axudas para **fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación** a través do **apoio a proxectos de investigación e innovación** orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia (PROGRAMA CONECTA PEME).

CARACTERÍSTICAS DA CONVOCATORIA

- **Beneficiarios:** Agrupacións de empresas (mínimo 3 empresas non vinculadas entre sí e máximo 6). Mínimo participación dunha peme (como socio o como subcontratada).
- **Actividades subvencionadas:** investigación industrial, desenvolvemento experimental, innovación en materia de organización e a innovación en materia de procesos.
- **Orzamento financiable:** mínimo de 500.000 euros e un máximo de 1.500.000 euros.
- **Duración:** mínimo 2 anos e como máximo poderán estenderse ata o 30 de setembro de 2020.
- **Prazo para a execución do gasto por anualidade:** **ata o 30 de setembro de cada anualidade.**
- **Participación:** participación mínima por cada membro da agrupación de 75.000 euros e a repartición da participación de cada empresa deberá ser equilibrada (participación dunha única empresa máximo o 65 % do orzamento subvencionable total do proxecto).
- **Gran Empresa:** Poderán incluírse grandes empresas, pero a súa participación limitarase a un máximo do 25 % do orzamento subvencionable total do proxecto.
- **Ámbito Xeográfico:** Só se financiarán as actividades do proxecto desenvolvidas na Comunidade Autónoma Galega (incluídas as subcontratacións).
- **Subcontratacións de Organismos de Investigación:** no obrigatoria, pero valorada moi positivamente.

PARTICIPACIÓN DA USC

A USC poderá participar como **ENTIDADE SUBCONTRATADA** por parte dunha ou varias empresas para a **colaboración na realización de actividades de investigación** dentro do proxecto. A subcontratación deberá estar debidamente xustificada e motivada na memoria técnica.

É obrigatorio a subscripción dun contrato que deberá **presentarse no momento da solicitude e** deberá recoller, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Obxectivos do contrato.
- Descrición das actividades.
- Data inicio e duración total.
- Identificación dos investigadores participantes e das actividades concretas nas que colaboran cada un.
- Orzamento total e desagregación por anualidades.
- Acordo sobre a propiedade dos resultados.

Este contrato deberá ser autorizado pola Axencia Galega de Innovación.

A USC facilita un [modelo de contrato](#) para esta convocatoria.

PRAZOS

O prazo para a presentación de solicitudes, por parte da agrupación de empresas, termina o **9 de marzo de 2018**, polo que lles agradeceríamos que antes do **2 de marzo de 2018** envíen os **acordos para a súa revisión e sinatura** por parte do responsable legal da USC.

ASESORAMENTO E INFORMACIÓN

Aqueles investigadores, que xunto a unha agrupación de empresas, queiran participar nestes proxectos, poden **dirixirse ao Área de Xestión e Valorización do I+D do Vicerreitorado de Investigación e Innovación** onde lles podemos prestar **asesoramento nos seguintes temas**:

- Información sobre a convocatoria
- Interlocución con empresas
- Elaboración do orzamento
- Asesoramento en propiedade industrial e intelectual
- Deseño, revisión e negociación do contrato que regule a relación da USC coa empresa ou empresas. (A USC facilita un [modelo de contrato](#) para esta convocatoria).

Para máis información dirixirse:

- **Área de Xestión e Valorización de I+D**
 - Campus Santiago: Eva Fabeiro (Ext. 16208) y Laura Martínez (Ext. 16238) (investigacion.colaborativa@usc.es)
 - Campus Lugo: Ramón Mazoy (Ext. 22850) y M^a Dolores Vega (Ext. 22852) (investigacion.colaborativa@usc.es).